

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **11 de decembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 11 de decembro de 2019, réunese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 20 DE NOVIEMBRE DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de novembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 20 de novembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que no portal de transparencia da Deputación o seu grupo bota en falta a declaración da renda de dous deputados.

O **presidente da comisión** di que se comprobará e que se emendará esa deficiencia.

D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que o seu grupo bota en falta tamén maior información sobre o ciberataque que sufriu a Deputación Provincial no mes de novembro, e pregunta se se recuperou o diñeiro.

O **presidente da comisión** di que se lles dará aos grupos un informe escrito cos datos da investigación que se poidan subministrar, engadindo que cre que imos por bo camiño na solución dese problema, que serviu para a adopción de medidas de incremento da seguridade do sistema, e espera que ese incidente sirva polo menos para mellorar no futuro o seu funcionamento.

E, ás 17.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

